

A AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE ORGANIZA UNHA XORNADA FORMATIVA SOBRE TRANSFERENCIA DE I+D+I EN SAÚDE NO MARCO DO PROXECTO TRANSFIRESAÚDE

- O Conselleiro de Sanidade, destacou o potencial das 12 propostas seleccionadas na convocatoria de axudas, dotada con 500.000 €, para o desenvolvemento precomercial de solucións innovadoras no ámbito sanitario no marco do programa PRIS-T
- A iniciativa enmárcase no proxecto Transfiresaúde co que Galicia e Portugal buscan abordar os retos comúns do envellecemento activo e saudable e a medicina personalizada

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2025. - A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), entidade coordinadora do proxecto TRANSFIRESAÚDE, celebrou unha xornada formativa en transferencia de I+D+i na Consellería de Sanidade.

O obxectivo principal deste proxecto é aproveitar o potencial da cooperación transfronteiriza co fin de consolidar un ecosistema de innovación e potenciar a creación de redes de coñecemento e empresariais, fomentar a dixitalización e mellorar a competitividade empresarial.

A xornada comezou cun acto inaugural presidido polo Conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**. A continuación, **José María Romero Fidalgo**, director da área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria da ACIS, presentou os proxectos TRANSFIRESAÚDE e PRIS-T.

Posteriormente, baixo a moderación de José María Romero Fidalgo, os representantes de EIT Health Spain, **Isabel Alfany**, **Ángeles Barrios** e **Antonio Rodríguez**, expuxeron as distintas vías e instrumentos de apoio e financiamento dispoñibles para o emprendemento no ámbito sanitario.

Durante o evento celebrouse unha mesa de debate centrada nas posibles alternativas de colaboración entre o sector público e privado no ámbito da saúde. Nesta mesa participaron **Cristina Gómez-Gordo** (GSK) e **Iván Rarís Filgueira** (Agrupación industrial de Saúde de Galicia), e foi moderada por **Pilar Morgade Saavedra**, directora da área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria da ACIS.

Así mesmo, a xornada incluíu unha sesión formativa centrada na protección, valorización e transferencia de resultados do I+D+i biomédica. Neste espazo, **Alberto Álvarez** (Álvarez Real Patentes e Marcas) e **Adriana Esteves** (ClarkeModet Portugal), expertos en propiedade industrial e transferencia tecnolóxica, compartiron os seus coñecementos cos asistentes. Ademais, organizáronse encontros B2B centrados na protección, valorización e transferencia de resultados no ámbito do I+D+i biomédica.

Finalmente, tivo lugar o acto de clausura, presidido por **Antonio Fernández-Campa García-Bernardo**, Xerente da ACIS, e **Hugo Prazeres**, representante da entidade socia do proxecto i3S Instituto de Investigación e Inovação em Saúde.

Esta xornada supón un paso máis na consolidación dun ecosistema de

CONTIDOS RELACIONADOS

TRANSFIRESAÚDE

Programa de desenvolvemento precomercial dos resultados da investigación sanitaria transfronteiriza (PRIS-T)

innovación en saúde máis integrado e colaborativo, clave para impulsar a transferencia de coñecemento e a aplicación do I+D+i biomédica. O proxecto TRANSFIRESAÚDE seguirá desenvolvendo iniciativas que fomenten a cooperación transfronteiriza e a colaboración entre o ámbito académico, empresarial e sanitario, co obxectivo de abordar os retos do envellecemento activo e a medicina personalizada.